

Entidade Local Menor de Camposancos

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HA DE REXER NO CONTRATO DE OBRAS “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE DENDE A RÚA COUTO 93 ATA RUA SAA 39”, POR PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN SIMPLIFICADA.

CAPÍTULO I. RÉXIME XURÍDICO

Cláusula 1. Réxime xurídico.

O presente contrato ten carácter administrativo, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP). As partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego, no proxecto e no resto de documentos anexos. En caso de discordancia entre este prego e calquera outro documento que forme parte deste contrato, prevalecerá este prego. Todos estes documentos teñen carácter contractual, polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade polo adxudicatario, no mesmo acto de formalización do contrato.

Para o non previsto nos pregos, o contrato rexerese pola LCSP, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RD 817/2009); polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, do 12 de Outubro (RGLCAP), en todo o que non se opoña á anterior. En todo caso, as normas legais e regulamentarias citadas anteriormente serán de aplicación en todo o que non se opoña á LCSP.

Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as de dereito privado.

A adxudicación do presente contrato realizarase polo procedemento aberto simplificado, á que fai referencia o artigo 159 da LCSP, con arranxo a criterios cuantificables exclusivamente mediante aplicación de fórmulas.

Este contrato, por razón da súa contía, non está suxeito a regulación harmonizada.

CAPÍTULO II. CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS

Sección 1ª.- Disposicións xerais

Cláusula 2. Órgano de contratación.

De conformidade co artigo 61 LCSP, a representación das entidades do sector público en materia contractual corresponde aos órganos de contratación, unipersoais ou colexiados que, en virtude de norma legal ou regulamentaria ou disposición estatutaria, teñan atribuída a facultade de celebrar contratos no seu nome.

A disposición adicional segunda da LCSP dispón que corresponde ós Alcaldes e ós Presidentes das entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin , en

Entidade Local Menor de Camposancos

calquera caso, a contía de 6 millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a 4 anos. Corresponden ó Pleno da Corporación as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados anteriormente cando, polo seu valor ou duración, non correspondan ó Alcalde.

Para o presente contrato o órgano de contratación será o que figure no **apartado A do Cadro -Resumo das características do presente contrato.**

Cláusula 3. Responsable do contrato.

As facultades do responsable deste contrato serán exercidas polo Director Facultativo das obras que é o sinalado no apartado **apartado A do Cadro-Resumo das características do presente contrato.** Ao responsable do contrato correspóndelle, de acordo co disposto no artigo 62.1 LCSP, supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúa.

Cláusula 4. Unidade encargada do seguimento e execución do contrato.

De conformidade co artigo 62 LCSP, a unidade encargada do seguimento e execución ordinaria deste contrato será a que se indica no **apartado A do Cadro -Resumo das características do presente contrato.**

Cláusula 5. Obxecto e necesidade do contrato.

O obxecto do contrato ao que se refire o presente prego é a execución das obras sinaladas no **apartado B do Cadro -Resumo** de acordo co proxecto referenciado tamén no **apartado B**, as condicións establecidas no Prego de Prescricións Técnicas e, no seu caso, coas modificacións do mesmo que poidan acordarse.

Se así se sinala no citado **apartado B** do cadro resumo existirá a posibilidade de licitar por lotes. As limitacións dos mesmos indicárase no seu caso no **anexo I** conforme ós criterios alí indicados. Todas as referencias efectuadas no presente prego ó contrato ou adjudicatario estenderanse feitas en cada lote nos que se divida o obxecto do contrato no seu caso.

De conformidade co artigo 99.3 LCSP o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente. No presente contrato a xustificación da non división en lotes, indícase no **apartado B do cadro -resumo.**

Se así se sinala no **apartado C** a participación quedará reservada ás entidades alí indicadas, a todo o contrato ou por lotes segundo indicado no **anexo I.**

As necesidades administrativas a satisfacer mediante este contrato son as contidas na resolución administrativa de iniciación do expediente cuxa data de aprobación consta no **apartado A do Cadro-resumo.**



Cláusula 6. Valor estimado.

O valor estimado do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 101 LCSP, ascende á cantidade expresada no **apartado E do Cadro-resumo**. O método de cálculo aplicado polo órgano de contratación para calcular o valor estimado figura no mesmo apartado

Cláusula 7. Orzamento base de licitación e prezo do contrato.

O importe do orzamento base de licitación do contrato é o sinalado como máximo no apartado **no apartado D do Cadro-Resumo**. A súa desagregación establécese no **Anexo II** ao presente prego.

O orzamento foi elaborado de conformidade co disposto no artigo 100 e artigo 241 LCSP. O seu cálculo inclúe os tributos de calquera índole.

As proposicións presentadas que superen o orzamento base de licitación serán descartadas automaticamente.

O contrato terá un prezo certo, que deberá expresarse en euros, e que será o que resulte da adxudicación do mesmo. En todo caso, indicárase como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE). O prezo do contrato inclúe os tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no prego.

Todos os gastos que se orixinen para o contratista como consecuencias das obrigas recollidas no prego e o resto de disposicións que sexan de aplicación ó contrato, que non figuren no proxecto obxecto de licitación entre os custes directos e indirectos de execución, consideraranse incluídas na porcentaxe de Gastos Xerais de Estrutura.

Cláusula 8. Existencia de crédito

A execución deste contrato está amparada polos créditos que se indican no **apartado D do Cadro-Resumo ao presente prego**.

Cláusula 9. Prazo de execución das obras.

O prazo de execución das obras será o que figure no **apartado H do Cadro-resumo**. Non obstante, o mesmo terá carácter orientativo, sendo o prazo de execución da obra o que figure na oferta seleccionada polo Concello. Os prazos parciais serán os que se fixen na aprobación do programa de traballo.

Cláusula 10. Perfil do contratante.

A información relativa o presente contrato que, de acordo co disposto no presente prego,



Entidade Local Menor de Camposancos

vaia ser publicada a través do perfil do contratante, poderá ser consultada na seguinte dirección electrónica <https://contrataciondelestado.es>.

Asimesmo poderase consultar a información publicada na seguinte dirección: <https://camposancos.sedelectronica.es/contractor-profile-list>

Cláusula 11. Notificacións telemáticas.

Todas as notificacións e comunicacións que realice a Administración practicaranse a través do sistema de Notificacións telemáticas da Entidade Local Menor de Camposancos.

No caso de que os sistemas informáticos non estiveran habilitados, os licitadores poderán presentar a documentación requirida a través do rexistro que sinala no requirimento.

Sección 2ª.- Cláusulas especiais de licitación.

Cláusula 12.- Procedemento

A adjudicación do presente contrato realizarase polo procedemento aberto simplificado, á que fai referencia o artigo 159 da LCSP, con arranxo a criterios cuantificables exclusivamente mediante aplicación de fórmulas.

Cláusula 13. Presentación de proposicións.

As proposicións dirixiranse ó órgano de contratación e presentaranse, necesaria e unicamente no lugar e prezo sinalado no anuncio de licitación e segundo se establece no **apartado R do cadro resumo**. En ningún caso a declaración de urxencia do expediente implicará a redución de prazos de presentación de ofertas

Todos/as os/as licitadores/as que se presenten a este procedemento de contratación deberán estar inscritos/as no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando proceda no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrencia.

Cláusula 14.- Documentos e datos de carácter confidencial

Os licitadores deberán indicar que documentos (ou partes dos mesmos) ou datos dos incluídos nas ofertas teñen a consideración de “confidenciais”, sen que resulten admisibles as declaracións xenéricas de confidencialidade de todos os documentos ou datos da oferta. A condición de confidencial deberá reflectirse claramente no propio documento, sinalando ademais os motivos que xustifican tal consideración.

Cláusula 15.- Subsanación de documentos



Entidade Local Menor de Camposancos

A presentación de declaracións responsables de cumprimento de requisitos de participación será obxecto de subsanación polos licitadores a requirimento da Mesa de Contratación, cando non se houberan presentado ou non estivera adecuadamente cumprimentada a presentada.

Igualmente, o proposto como adxudicatario poderá subsanar a falta ou incompleta presentación dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos de participación que lle sexan requiridos con carácter previo á adxudicación do contrato.

En ambos casos se lle concederá ó licitados un prazo de tres días a contar dende o seguinte ó de recepción do requirimento de subsanación. No caso de que non subsanase nese prazo entenderase que o licitados desiste da súa oferta.

Cláusula 16.- Contido das proposicións

As proposicións constarán dun sobre ÚNICO, pechado e asinado polo licitador ou persoa que o represente, facendo constar de modo visible no exterior o órgano de contratación ao que se dirixe, o procedemento ao que concorre e o nome do licitador. No seu interior farase constar en folia independente o seu contido, ordenado numericamente.

Dentro do **sobre único** incluírase a seguinte documentación:

1º. ÍNDICE E DATOS DO LICITADOR A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA (Farase constar polo menos un CIF ou NIF ao que dirixir as notificacións telemáticas para o seu acceso mediante certificado electrónico de representante ou certificado persoal respectivamente).

2º. DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN (DEUC), asinado polo licitador ou o seu representante. No caso de licitación por lotes con diferentes requisitos de solvencia e capacidade, deberá presentarse tantas declaracións como lotes nos que participa, debidamente asinadas.

3º. NO SEU CASO, COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN DE UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESARIOS. Cando dous ou máis empresas acudan a unha licitación co compromiso de constituírse en Unión Temporal, deberase achegar unha declaración indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en Unión Temporal, en caso de resultar adxudicatarios. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión. Nestes casos cada unha das empresas deberá presentar así mesmo a súa DEUC.

4º. NO SEU CASO, DECLARACIÓN DE PERTENZA A GRUPO EMPRESARIAL. Conforme ao modelo que se acompaña como **Anexo IV**.

5º. ESPECIALIDADES A PRESENTAR POLOS EMPRESARIOS ESTRANXEIROS. Os empresarios estranxeiros deberán presentar ademais da documentación sinalada anteriormente, a documentación específica que a continuación se detalla. Todas as empresas non españolas deben achegar: - Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais Españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, renunciando no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. As empresas de Estados que non sexan membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán achegar: - Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, no que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta que actúan con habitualidade no



Entidade Local Menor de Camposancos

tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. - Informe de reciprocidade a que se refire o artigo 68 LCSP

6º. PROPOSICIÓN. Tamén se incluíra neste sobre a oferta económica e o resto de documentos relativos á proposta ofertada polo licitador, de conformidade co indicado nos criterios de adxudicación. A oferta económica será formulada conforme ao modelo que se achega como **ANEXO VIII** deste Prego, formando parte inseparable do mesmo. As ofertas dos licitadores deberán indicar, como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba ser repercutido. Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir unha proposición en Unión Temporal con outras empresas se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha UTE. A contravención deste principio dará lugar á desestimación de todas as presentadas. A proposición presentárase en caracteres claros e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou riscadas que impidan coñecer, claramente, o que a entidade contratante estime fundamental para considerar a oferta.

7º. REFERENCIAS TÉCNICAS Así mesmo, o licitador deberá incluír calquera outros documentos que se indiquen expresamente no Prego de Prescricións Técnicas e que permitan verificar que a oferta cumpre coas especificacións técnicas requiridas, pero que non van ser obxecto de valoración.

Cláusula 17.- Efectos da presentación das proposicións

A presentación de proposicións supón por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa administración.

Cláusula 18.- Órgano competente para a cualificación da documentación e valoración das ofertas.

O órgano competente para a cualificación da documentación aportada polos licitadores e para efectuar a valoración das ofertas será a Mesa de Contratación constituída ó efecto cuxa composición se indica no **anexo XIX**

Cláusula 19.- Apertura e exame da documentación presentada

Concluído o prazo de presentación das ofertas procederase pola Mesa de Contratación á apertura da documentación presentada polos licitadores en tempo e forma, verificándose que constan tódolos documentos, manifestacións e declaracións responsables indicados na cláusula 16.

As propostas que non cumpran as condicións esixidas nos pregos non serán obxecto de valoración, quedando excluídas do procedemento.

Seguidamente, darase lectura ás ofertas económicas.

De todo o actuado conforme aos apartados anteriores deixarase constancia nas actas correspondentes nas que se reflectirá o resultado do procedemento e as súas incidencias. Os resultados dos actos de cualificación, admisión ou exclusión das ofertas publicarase no perfil do contratante, sen prexuízo da necesaria comunicación ou notificación, segundo proceda, ós licitadores afectados.

Cláusula 20.- Comprobación da veracidade das declaracións responsables.



Entidade Local Menor de Camposancos

A Mesa de Contratación poderá, en calquera momento, solicitar a xustificación documental do cumprimento das condicións sobre as que os licitadores houberan declarado responsablemente o seu cumprimento.

O licitador deberá presentar a documentación requirida no prazo máximo de 5 días hábiles a contar dende o envío do requirimento. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta e será excluído do procedemento.

Cláusula 21.- Criterios de adxudicación

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a varios criterios de adxudicación en aras de determinar a mellor oferta, entendida como a mellor oferta en base a criterios de calidade-prezo. Ditos criterios de adxudicación son os establecidos no **ANEXO XII.**

Cláusula 22.- Ofertas anormalmente baixas.

No **anexo XII** establécense os parámetros obxectivos en virtude dos cales se entenderá que a proposición non pode ser cumprida

Sección 3ª.-Adxudicación

Cláusula 23.- Clasificación das ofertas e proposta de adxudicación.

Unha vez valoradas as ofertas a Mesa de Contratación remitirá ó órgano de contratación a correspondente avaliación e proposta de adxudicación, na que figurarán ordenadas as ofertas en orde decrecente incluíndo a puntuación obtida por cada unha delas e identificando a mellor oferta.

Cando se produza un empate entre ofertas aplicaranse os criterios de desempate previstos no **anexo XII.**

Cláusula 24.- Presentación da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos polo licitador que presentara a mellor oferta.

A mesa de contratación requirirá ao licitador que presentase a mellor oferta, mediante comunicación electrónica, para que, no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación, para que achegue a documentación que se relaciona, necesaria para adxudicar o contrato. Os documentos deberán presentarse, para a súa cualificación polo órgano de contratación ou a mesa de contratación, en orixinais ou copias compulsadas.

DOCUMENTACIÓN.

1º. Certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas do Sector Público ou no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma. (obrigatoria).

2º. Adscrición de medios. Cando así se esixa no **apartado M** do cadro - resumen, deberase acreditar a efectiva disposición dos medios persoais e/ou materiais que para a execución do contrato determine o presente prego, e que o licitador declarou dispoñer na súa oferta. Neste caso, o licitador executará o contrato cos mesmos medios que achegase, e só poderá substituílos, por causas



Entidade Local Menor de Camposancos

imprevisibles, por outros medios equivalentes e coa correspondente autorización da Administración.

3º. Habilitación empresarial ou profesional para a realización da prestación obxecto de contrato. Se resulta legalmente esixible como condición de aptitude para contratar, deberá achegarse a documentación que acredite a correspondente habilitación empresarial ou profesional para a realización da prestación que constituía o obxecto do presente contrato. Se o contrato está reservado a Centros Especiais de Emprego ou Empresas de Inserción, certificado oficial que acredite a súa condición como tales.

4º. Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto sobre Actividades Económicas: Alta, referida ao exercicio corrente, ou último recibo, xunto cunha declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado Imposto e, no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.

5º. Documentación acreditativa da subcontratación con outras empresas coas que o adxudicatario teña previsto subcontratar. Terá que achegar segundo corresponda, unha declaración na que indique a parte do contrato que vai subcontratar, sinalando o importe, e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que vaia a encomendar a súa realización, asinada por ambas as partes xunto co resto de documentación que se solicite pola Administración.

Cláusula de verificación da documentación achegada: A mesa de contratación verificará que o proposto como adxudicatario acredita documentalmente o cumprimento de todos os requisitos de participación esixidos, e solicitarase aos organismos correspondentes a acreditación de non existencia de débedas tributarias e coa Seguridade Social. De non cumprimentarse adecuadamente coa presentación de toda a documentación indicada dentro do prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso para solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

Cláusula 25.- Garantía definitiva

Non se esixe garantía definitiva.

Cláusula 26.- Renuncia á celebración do contrato e desestimento do procedemento polo Concello.

A decisión de non celebrar ou non adxudicar o contrato e o desestimento do procedemento determinará a compensación aos licitadores polos gastos en que houberan incorrido de acordo cos principios xerais que rexen a responsabilidade da Administración.

Cláusula 27.- Adxudicación do contrato.

A adxudicación do contrato deberá ser motivada, notificarase aos licitadores e publicarase no perfil do contratante. A notificación conterá a información necesaria que permita ós interesados interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.



Sección 4.- Formalización do contrato

Cláusula 28.- Perfección e formalización do contrato

O contrato perfeccionarase coa súa formalización.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase non máis tarde de quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizou o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíu.

CAPITULO III.- DEREITOS E DEBERES

Cláusula 29. Abonos ó contratista.

O contratista ten dereito a recibir o prezo da obra executada. O pago establécese mediante abonos a conta de carácter mensual, dos traballos que realmente se tiveran executado, con arranxo aos prezos convidados e conforme ás certificacións que comprendan a obra executada durante dito período de tempo.

O importe das obras executadas acreditarase mensualmente ao contratista, mediante certificacións expedidas polo Director da obra en prazo máximo de dez días seguintes ao mes ao que correspondan.

A administración deberá aprobar as certificacións mensuais da obra dentro dos trinta días seguintes á data na que ós traballos se tivesen executado. Neste mesmo prazo o contratista terá a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente.

As facturas deberán conter os datos correspondentes á DIR3 segundo aparecen no **apartado P** do cadro-resumo e deberán presentarse en formato electrónico nos supostos que fixa Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da Factura Electrónica e Creación do Rexistro Contable de Facturas do Sector Público. Nestes casos a presentación da factura no Punto Xeral de Acceso equivale á presentación nun rexistro administrativo.

Para o abono das obras, as anualidades fixaranse á vista do importe da adxudicación e do ritmo de execución que se deduza do Programa de Traballo presentado polo adxudicatario.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade ca necesaria para executar as obras no prazo ou prazos contractuais, salvo que a xuízo da Dirección das obras existisen razóns para estimalo inconveniente. Sen embargo, non terá dereito a percibir en cada ano, calquera que sexa o importe do executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade ca consignada na anualidade correspondente.

O contratista terá dereito a percibir abonos a conta sobre o seu importe polas operacións preparatorias realizadas e que estean comprendidas no obxecto do contrato, como



Entidade Local Menor de Camposancos

instalacións e provisión de materiais ou equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, cos límites fixados na normativa vixente, previa petición escrita do contratista e unha vez asegurados os referidos pagos mediante a presentación de garantía.

Cláusula 30. Obrigas do contratista.

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato son obrigas específicas do contratista as seguintes:

1.- Obrigas laborais, sociais e de transparencia

O contratista está obrigado ao cumprimento da normativa vixente en materia laboral e de seguridade social. Así mesmo, está obrigado ao cumprimento do Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, da Lei 31/1995, do 8 de novembro, sobre Prevención de Riscos Laborais, e do Regulamento dos Servizos de Prevención, aprobado por Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, así como das normas que se promulguen durante a execución do contrato.

A empresa contratista está obrigada a cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación.

Así mesmo, o contratista deberá subministrar á administración, previo requirimento en un prazo de 15 días toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas de transparencia establecidas no título II da Lei 8/2015, de 25 de marzo, de Transparencia da Actividade Pública e Participación Cidadana. Se o contratista non cumprira co requirimento no prazo indicado, a administración poderá, previo apercibimento e audiencia ó interesado imponer multas coercitivas por importe de 1000 euros, reiteradas por períodos de 15 días ata co cumprimento, e ata alcanzar a cantidade correspondente ó 5% do importe de adxudicación, ou do orzamento de licitación no caso de valores unitarios.

O persoal que a empresa adxudicataria deba contratar para atender as súas obrigas dependerá exclusivamente desta, sen que á extinción do contrato poida producirse en ningún caso a consolidación das persoas que houberan realizado os traballos como persoal do órgano contratante.

2.- Obrigas en supostos de subcontratación

O contratista, segundo o previsto no **apartado N do Cadro-resumo**, poderá concertar con terceiros a realización parcial do mesmo cos requisitos e alcance que se establezan no **anexo VII** e cumprindo o establecido no artigo 215 da LCSP.

O contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, como moi tarde, cando inicie a execución deste, ao órgano de contratación a súa intención de celebrar subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista, e xustificándoo suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia.

Así mesmo, xunto co escrito mediante o que se dea coñecemento á Administración do subcontrato a celebrar, o contratista deberá acreditar que o subcontratista non se atopa



Entidade Local Menor de Camposancos

incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71 LCSP. Dita acreditación poderá facerse efectiva mediante declaración responsable do subcontratista.

3.- Sinalización das obras

O contratista está obrigado a instalar a súa costa as sinalizacións precisas para indicar ó acceso á obra, a circulación na zona que ocupen os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles.

Ademais instalará a súa costa, dende o inicio das obras e ata a súa total terminación, un cartel informativo que indique que se trata dunha obra subvencionada por Augas de Galicia.

No caso de que a obra sexa financiada total ou parcialmente pola Unión Europea deberá facerse constar dito extremo na sinalización das obras de conformidade co establecido no Regulamento CE 1828/2006, da Comisión de 8 de decembro de 2006.

4.- Obrigas relativas á xestión de permisos, licenzas e autorizacións.

O adxudicatario está obrigado, salvo que o órgano de contratación decida xestionalo por si mesmo e así o faga saber de forma expresa, a xestionar os permisos, licenzas e autorizacións establecidas nas ordenanzas municipais e nas normas de calquera outro organismo público ou privado que sexan necesarias para o inicio, execución e entrega ó uso ou servizo das obras, solicitando da Administración os documentos que para elo sexan necesarios.

Cláusula 31.- Tributos

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación, entenderanse comprendidos, a tódolos efectos, os tributos de calquera índole que graven os diversos conceptos, excepto o Imposto sobre o Valor Engadido, que será repercutido como partida independente de acordo coa lexislación vixente.

Será a conta do contratista o abono, en calidade de substituto do contribuínte, os tributos que leva a solicitude e o outorgamento da correspondente licenza de obras e de actividade. O pago deberá realizarse no prazo máximo de dous meses dende a súa notificación pola Administración. No suposto de que a Administración debese abonar, con anterioridade á adxudicación, algunha taxa urbanística relacionada con ditas licenzas, esta será repercutida posteriormente ao contratista, que poderá abonala mediante transferencia bancaria ou dedución do seu importe na primeira certificación e sucesivas, entregándose en calquera caso ao contratista o xustificante do seu abono previo pola Administración.

No caso da división en lotes do obxecto do contrato, tódolos adxudicatarios intervinientes no mesmo estarán obrigados ao pago dos tributos que lles correspondan na forma sinalada no parágrafo precedente tendo en conta as seguintes particularidades:

No caso dos importes que se cuantifican en función do proxecto da obra completo sobre o que se solicita a licenza correspondente, como o pago das taxas pola tramitación das licenzas urbanísticas e de construción do proxecto, deberá ser abonado polo adxudicatario de cada lote en función da proporción do presuposto de execución material (PEM) que represente o seu lote respecto do PEM total da obra.

No caso dos importes que se cuantifican en función do custo real da obra e que



Entidade Local Menor de Camposancos

dependen, polo tanto, do prezo de adxudicación de tódolos lotes en cómputo global, como o pago do Imposto de Construción (ICIO), a Administración realizará o pago directo, que será repercutido posteriormente ao contratista dos distintos lotes, a excepción, no seu caso, do lote que inclúa capítulos do presuposto de obra que non deban computar a estes efectos.

Cláusula 32.- Revisión de prezos

Se procedera a revisión de prezos indicárase no **apartado K** do cadro resumo, que recollerá a fórmula aplicable.

Cláusula 33. Cesión do contrato.

Os dereitos e obrigacións dimanantes do presente contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non fosen razón determinante da adxudicación do contrato, cúmplanse os supostos e os requisitos establecidos no artigo 214.2 LCSP, e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Sen prexuízo do establecido no apartado 2, letra b) do artigo 214 LCSP, non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

En relación coa posibilidade de cesión do contrato haberá que estar ao establecido **no apartado Ñ** do cadro resumo.

CAPÍTULO IV.- EXECUCIÓN

Cláusula 34.- Execución dos traballos

As obras executaranse con estrita suxeición ás cláusulas deste prego, ó proxecto aprobado polo Concello e conforme ás instrucións que, en interpretación técnica deste, dera ó Contratista o director técnico das obras.

Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía o contratista é o responsable dos defectos que na construción poidan advertirse.

O contratista está obrigado a gardar sigilo respecto dos datos e antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo.

No caso de que as melloras ofertadas polo adxudicatario pasen a formar parte da execución do contrato de obra, o órgano de contratación poderá requirir a adaptación de ditas melloras ás unidades de execución que se vexan afectadas no proxecto de execución, no prazo máximo de un mes dende a formalización do contrato, e sempre antes de efectuarse a comprobación do replanteo.



Entidade Local Menor de Camposancos

Cláusula 35.- Condicións especiais de execución.

Os órganos de contratación poderán establecer condicións especiais en relación coa execución do contrato, sempre que estean vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 LCSP, non sexan directa ou indirectamente discriminatorias e sexan compatibles co dereito comunitario.

As condicións especiais de execución para este contrato indícanse no anexo **XIII**.

Para o caso de incumprimento destas condicións especiais de execución deberán establecerse penalidades no anexo **XIV** ao presente prego ou atribuírlles a estas condicións o carácter de obrigacións contractuais esenciais para os efectos sinalados na letra f) do artigo 211 LCSP.

Todas as condicións especiais de execución que formen parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen na execución do mesmo.

Cláusula 36.- Comprobación do replanteo e prazo de execución

Con carácter xeral, a execución do contrato comezará co acto de comprobación do replanteo que se realizará no prazo máximo de un mes, salvo casos excepcionais e xustificadas, dende a formalización do contrato. Os prazos parciais determinaranse no programa de traballo.

A comprobación do replanteo das obras executarase polo servizo do Concello encargado das obras en presenza do contratista, estendéndose acta do resultado que se subscribirá na forma e cos efectos legalmente previstos, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano de contratación.

No caso de división en lotes do obxecto do contrato, a realización dos traballos iniciárase en función da fase de execución na que cada lote deba desenvolverlos, previa a correspondente acta de comprobación do replanteo ou acta de inicio, que deberá subscribirse os días inmediatamente anteriores ó inicio dos traballos de cada lote.

Cláusula 37.- Coordinador en materia de seguridade e saúde.

Cando na execución da obra interveña máis dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos, o Concello designará ou, no seu caso, contratará, antes do inicio dos traballos ou tan pronto como se constate dita circunstancia, un coordinador en materia de seguridade e saúde, integrado na dirección facultativa para levar a cabo as tarefas que se mencionan no artigo 9 do RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En ningún caso o coordinador de seguridade recibirá instrucións do contratista da obra, coa finalidade de asegurar a súa imparcialidade.

Cando non sexa necesaria a designación de coordinador, as súas funcións serán asumidas pola dirección facultativa, sendo obriga do contratista e subcontratistas atender as indicacións e instrucións do mesmo.



Cláusula 38.- Plan de seguridade e saúde

Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario elaborará un Plan de seguridade e saúde no traballo da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde, ou, se é o caso, estudo básico de seguridade do proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

En dito plan incluíranse, de ser o caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña, coa correspondente xustificación técnica, que non poderán supoñer unha diminución do nivel de protección previsto no estudo.

O Plan será aprobado polo Concello antes do inicio da obra, logo do informe do coordinador en materia de seguridade e saúde ou da dirección facultativa da obra, se non for preceptivo designar un coordinador, e comunicaráselle á autoridade laboral. Unha vez realizado este trámite, procederase á acta de implantación e ao inicio da obra [*artigo 7.2 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción*].

Cláusula 39.- Delegado de obra do contratista.

Enténdese por delegado de obra do contratista a persoa designada por este con anterioridade ó inicio da obra, e aceptada polo Concello, con capacidade suficiente para:

Ostentar a representación do contratista cando sexa necesaria a súa actuación ou presenza, así como en outros actos derivados do cumprimento das obrigas contractuais, sempre en orde á execución e boa marcha das obras.

Organizar a execución da obra e interpretar e poñer en práctica as ordes recibidas pola Dirección de Obra.

Propoñer a esta ou colaborar con ela na resolución dos problemas que se plantexen durante a execución das obras.

O delegado, no caso de que así se esixa, deberá ter a titulación esixida no **apartado L** do cadro resumo.

O Concello poderá recabar ó contratista a designación dun novo delegado cando así o xustifique a marcha dos traballos.

Cláusula 40.- Libro de ordes.

O libro de ordes será dilixenciado previamente polo servizo ó que estea adscrita a obra, abrírase na data de comprobación do replanteo e pecharase na de recepción. Durante dito lapso de tempo estará a disposición da Dirección que, cando proceda, anotará nel as ordes, instrucións e comunicacións que estime oportunas, autorizándoas coa súa sinatura.

O contratista estará obrigado a transcribir en dito libro cantas ordes ou instrucións reciba por escrito da Dirección e asinar o oportuno acuse de recibo, sen prexuízo dunha posterior autorización de tales transcripcións pola Dirección. Cando ditas instrucións sexan verbais, deberán ser ratificadas por escrito no prazo máis breve posible, para que sexan vinculantes para as partes. O Contratista deberá conservar o libro de ordes na oficina da obra.



Entidade Local Menor de Camposancos

Efectuada a recepción da obra, o libro de ordes pasará a poder do Concello, se ben poderá ser consultado en todo momento polo contratista.

Cláusula 41.- Libro de incidencias.

Co fin de realizar o seguimento do Plan de Seguridade e Saúde deberá manterse o libro de incidencias ó que terán acceso as persoas relacionadas no artigo 13.3 do RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, os cales poderán facer anotacións no mesmo.

Dito libro deberá permanecer sempre na oficina en poder da Dirección Facultativa, ou no seu caso do Coordinador de Seguridade e Saúde, que estará obrigado a remitir no prazo de 24 horas unha copia de cada anotación realizada á Inspección de Traballo e Seguridade e Saúde da Provincia.

Clausura 42.- Programa de traballo

O contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato. O órgano de contratación resolverá sobre o programa de traballo dentro dos quince días seguintes á súa presentación, podendo impor a introdución de modificacións ou o cumprimento de determinadas prescricións.

No programa de traballo a presentar polo contratista deberanse incluír os datos recollidos no artigo 144.3 do Regulamento 1098/2001, de 12 de outubro.

A dirección de obra poderá acordar non dar curso ás certificacións de obra ata que o contratista presente na debida forma o programa de traballo, sen dereito a intereses de demora por atraso no pago destas certificacións.

Cláusula 43.- Penalidades.

Penalidades por demora

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total ou parcial o Concello poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades que figuran no **anexo XIV**.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, IVE excluído o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades. Neste último suposto, o órgano de contratación concederá a ampliación do prazo que estime necesaria para a terminación do contrato.

Así mesmo, a Administración terá as mesmas prerrogativas cando a demora no cumprimento dos prazos parciais faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.



Entidade Local Menor de Camposancos

Nos supostos de incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso ou de demora na execución en que non estea prevista penalidade ou en que estando a mesma non cubrixe os danos causados á Administración, esixirase ao contratista a indemnización por danos e prexuízos.

Outras penalidades

O cumprimento defectuoso das prestacións obxecto do contrato, o incumprimento dos compromisos de adscrición de medios ou das condicións especiais de execución do contrato, ou o incumprimento dalgún dos criterios que serviron de base para a valoración das ofertas, dará lugar á imposición de penalidades cando así se indique no **Anexo XIV**.

CAPITULO V.- RECEPCIÓN E LIQUIDACIÓN

Cláusula 44.- Recepción e liquidación.

A recepción e liquidación das obras regularanse conforme ó disposto no artigo 243 LCSP e nos artigos 108 e 163 e seguintes do RGLCAP, sendo de aplicación, no seu caso, o previsto no último parágrafo do artigo 242.4 LCSP sobre o exceso de medicións de obras executadas e constatadas na medición final de obra.

Asimesmo poderán efectuarse recepcións parciais sobre aquelas partes do contrato susceptibles de ser realizadas por fases e entregadas ó uso público.

Cláusula 45.- Prazo de garantía.

O prazo de garantía será o establecido no **apartado I** do cadro-resumo ou, no seu caso, o ofertado polo adxudicatario.

Cláusula 46.- Liquidación das obras.

Dentro do prazo de 15 días anterior ó cumprimento do prazo de garantía , o Director Facultativo da obra redactará un informe sobre o estado das obras, procedéndose, se é favorable, á liquidación do contrato e, no seu caso, ó pago das obrigas pendentes no prazo máximo de 60 días.

Cláusula 47.- Responsabilidade por vicios ocultos.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, o contratista responderá dos danos e prexuízos que se manifesten durante o prazo de quince anos a contar dende a data de recepción.

CAPÍTULO VI.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO



Entidade Local Menor de Camposancos

Cláusula 48.- Resolución do contrato

Son causas de resolución do contrato, ademais das recollidas nos artigos 211 e 245 LCSP, as que se establecen no **anexo XVII**.

De conformidade co artigo 211.2 LCSP, nos casos en que concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberá atenderse á que aparece con prioridade no tempo.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación de conformidade co disposto no artigo 212.1 LCSP, mediante procedemento tramitado na forma regulamentariamente establecida.

Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar ó Concello os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. A determinación dos danos e prexuízos que deba indemnizar o contratista levará a cabo polo órgano de contratación en decisión motivada previa audiencia do mesmo, atendendo, entre outros factores, ao atraso que implique para o investimento proxectado e aos maiores gastos que ocasione á Administración.

Para a aplicación das causas de resolución estarase ao disposto no artigo 212 da LCSP e para os seus efectos ao disposto nos artigos 213 e 246 da LCSP, así como no seu caso, ao disposto no desenvolvemento regulamentario.

CAPITULO VII.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

Cláusula 49.- Prerrogativas da administración.

Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación solo poderá introducir modificacións no mesmo por razóns de interese público, cando así se prevexa no **apartado O** do cadro resumo e **Anexo XVI** ou nos supostos e cos límites legalmente establecidos. Estas modificacións deberán ser acordadas polo órgano de contratación previa tramitación do procedemento oportuno, formalizarse en documento administrativo e publicarse no perfil do contratante.

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o contratista queda obrigado á actualización do Programa de Traballo. No suposto de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha.

Cláusula 50.- Modificacións previstas

Estas modificacións serán en todo caso obrigatorias para o contratista. O procedemento para acordar estas modificacións incluírá un trámite de audiencia ó contratista por un prazo de ata 5 días, así como o resto de trámites que sexan preceptivos.

No caso de prever modificacións, o **anexo XVI** deberá especificar as circunstancias, condicións, alcance e límites, indicando expresamente o porcentaxe do prezo de adxudicación do contrato ó que como máximo poida afectar e o procedemento a seguir.

Cláusula 51.- Modificacións non previstas.

Só poderán introducirse modificacións distintas das previstas na cláusula anterior por razóns de interese público, cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgún ou varios dos supostos taxados no artigo 205 LCSP.

Estas modificacións serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído. Cando por razón do seu importe, a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, esta modificación esixirá a conformidade expresa do contratista.

CAPÍTULO VIII.- RÉXIME DE RECURSOS.

Cláusula 52.- Réxime de recursos contra a documentación que rexe a contratación.

O presente prego así como o das prescricións técnicas, así como o resto dos documentos contractuais que deba rexer a contratación poderán ser recorridos mediante o recurso indicado no apartado Q do cadro resumo.

O recurso interporase ante o órgano de contratación indicado en dito apartado no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ó da súa publicación no perfil do contratante e a súa tramitación axustarase ó disposto nos artigos 112 e ss. da Lei 39/2015.

Alternativamente ó recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Entidade Local Menor de Camposancos

CADRO RESUMO DAS CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

A) PODER ADXUDICADOR

ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE	ENTIDADE LOCAL MENOR DE CAMPOSANCOS
ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	ALCALDÍA
SERVIZO XESTOR	SECRETARÍA
RESPONSABLE DO CONTRATO	M ^a MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ
UNIDADE ENCARGADA DO SEGUIMENTO	ALCALDÍA
VALORACIÓN DAS OFERTAS	Mesa de Contratación - composición anexo XIX
Data e número de Resolución de inicio do expediente de contratación: Acordo plenario de 21 de agosto de 2024	
Dirección do órgano de contratación e mail: camposancoselm@gmail.com	
Perfil do contratante: https://camposancos.sedelectronica.es/contractor-profile-list https://contrataciondelestado.es	

B) DEFINIÇÃO DO OBXECTO DO CONTRATO

“ RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE DENDE A RÚA COUTO 93 ATA RUA SAA 39”	
CPV - 65111000-4 - Distribución de auga potable	
POSIBILIDADE DE LICITAR POR LOTES: NON	Limitacións en lotes:
NO SEU CASO, XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES: a división en lotes da mesma dificultaría a correcta execución, dende o punto de vista técnico o conlevar a necesidade de coordinar a execución das diferentes fases e actuacións, para evitar a silmultaneidade das actuacións, e das medidas de seguridade, ca asignación de diferentes responsables, ante unha posible pluralidade de contratistas.	
Autor do Proxecto: Francisco J. García Dominguez	Data de aprobación: 21/08/2024

C) CONTRATO RESERVADO (en amarelo a opción elixida)

1.	Si Ver anexo I	1.-	Centros especiais de emprego
2.	Non	2.-	Centros de inserción social
		3.-	Outros:

D) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (ver anexo II)

Importe de licitación IVE excluído	Tipo IVE aplicable	Orzamento base de licitación IVE engadido
43.622,50 €	21%	52.783,23 €
Pago mediante entrega de bens : NON		
Aplicación orzamentaria: 2024.16100.63301		
Sistema de determinación do prezo: especificados no proxecto técnico		



Entidade Local Menor de Camposancos

E) VALOR ESTIMADO

	Total
Importe de licitación (IVE excluído)	43.622,50 €
Importe das modificacións previstas (IVE excluído)	0
Importe dos premios ou primas pagadeiros ós licitadores (IVE excluído)	0
Importe das opción eventuais (IVE excluído)	0
Prórroga (IVE excluído)	0
TOTAL VALOR ESTIMADO	43.622,50 €

F) RÉXIME DE FINANCIACIÓN

ELM Camposancos	Augas de Galicia	TOTAL
16.205,23 €	36.578,00 €	52.783,23 €

G) ANUALIDADES

Exercicio	A cargo ELM	AUGAS DE GALICIA	Total
2024	16.205,23 €	36.578,00 €	52.783,23 €

H) PRAZO DE EXECUCIÓN

20 DIAS

I) PRAZO DE GARANTÍA

1 ANO

J) CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

Establecidas no anexo XIII

K) REVISIÓN DE PREZOS (en amarelo a opción elixida)

- Si Fórmula: **Non**

L) TITULACIÓN DO DELEGADO DO CONTRATISTA E PERSOAL FACULTATIVO

Non se establece

M) ADSCRICIÓN OBRIGATORIA DE MEDIOS



Entidade Local Menor de Camposancos

NON	No
-----	----

N) SUBCONTRATACIÓN

Condições de subcontratación para prestacións parciais: ver anexo VII
Tarefas críticas que non admiten subcontratación: non
Obriga de indicar na oferta a parte do contrato que teña previsto subcontratar: SI

Ñ) CESION DO CONTRATO (en amarelo a opción elixida)

Si, ver anexo VII	Non
-------------------	-----

O) MODIFICACIÓNS CONTRACTUAIS PREVISTAS (en amarelo a opción elixida)

Si, ver anexo XVI	Non
-------------------	-----

P) DATOS DE FACTURACIÓN

Entidade contratante	ELM DE CAMPOSANCOS		
Órgano de contratación	ALCALDÍA	CÓDIGO DIR	L04360002
Oficina contable	INTERVENCIÓN	CÓDIGO DIR	L04360002
Unidade tramitadora	ELM CAMPOSANCOS	CÓDIGO DIR	L04360002

Q) RÉXIME DE RECURSOS CONTRA OS PREGOS (en amarelo a opción elixida)

Contrato sometido a recurso especial en materia de contratación administrativa	
Contrato sometido a recurso ordinario	
	Recurso de alzada Recurso potestativo de reposición Órgano ante o que interponer o recurso: alcaldía

R) FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS (en amarelo a opción elixida)

Forma:

MANUAL	ELECTRÓNICA
--------	--------------------

Lugar:

- Presentaranse no Rexistro Xeral da Entidade Local Menor de Camposancos ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (as previsións relativas ao rexistro electrónico producirán efectos a partir do 2 de outubro de 2018). Poderanse presentar proposicións por correo ou por calquera outro medio dos permitidos polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, tendo o interesado que acreditar co resgardo correspondente a data do envío na OFICINA



Entidade Local Menor de Camposancos

DE CORREOS e anunciando o mesmo día ó Órgano de contratación, por correo electrónico á dirección camposancoelm@gmail.com a remisión da proposición. Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fora do prazo previsto. En todo caso, transcorridos dez días hábiles a contar dende o remate do prazo de presentación sen que se recibira a documentación, esta non será admitida.

- **Plataforma de licitación electrónica**

Prazo:

20 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Perfil do contratante.

Se o último día coincidise en sábado, domingo ou festivo, o prazo prorrogarase ata o primeiro día hábil seguinte.

S. INDICE DE ANEXOS

ANEXO I	LIMITACIÓN EN LOTES
ANEXO II	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN
ANEXO III	INSTRUCCIÓN PARA CUMPLIMENTAR O DEUC
ANEXO IV	DOCUMENTACIÓN RELATIVA Ó GRUPO EMPRESARIAL
ANEXO V	SOLVENCIA TÉCNICA E ECONOMICA
ANEXO VI	ADSCRICIÓN OBRIGATORIA DE MEDIOS Ó CONTRATO
ANEXO VII	SUBCONTRATACIÓN E CESIÓN
ANEXO VIII	MODELO OFERTA ECONÓMICA (SOBRE TRES)
ANEXO IX	PREZOS UNITARIOS
ANEXO X	ADMISIBILIDADE DE VARIANTES
ANEXO XI	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITOS A EVALUACIÓN PREVIA
ANEXO XII	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITOS A EVALUACIÓN POSTERIOR
ANEXO XIII	CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN
ANEXO XIV	PENALIDADES
ANEXO XV	OBRIGAS ESENCIAIS DO CONTRATO
ANEXO XVI	MODIFICACIÓN CONTRATUAIS PREVISTAS
ANEXO XVII	CAUSAS ESPECIFICAS DE RESOLUCIÓN CONTRATUAL
ANEXO XVIII	RENUNCIA /DESESTIMENTO Á CELEBRACION DO CONTRATO
ANEXO XIX	COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

ANEXO I LIMITACIÓN ÓS LOTES

Nº DE LOTES ÓS QUE UN MESMO LICITADOR PODE PRESENTAR OFERTA



Entidade Local Menor de Camposancos

Nº DE LOTES QUE PODEN ADXUDICARSE A UN MESMO LICITADOR

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN PARA UTES E GRUPOS EMPRESARIAIS

LOTES RESERVADOS ÁS ENTIDADES NO APARTADO C DO CADRO RESUMO

ANEXO II ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

Orzamento de Execución Material 43.622,50 €

Orzamento de contrata..... 43.622,50 €

I.V.E.21 %.....9.160,73 euros

ORZAMENTO FINAL IVE ENGADIDO..... 52.783,23€

ANEXO III INSTRUCCIÓN PARA CUMPLIMENTAR O DUEC

1.- A presentación do DEUC polo licitador serve como proba preliminar do cumprimento dos requisitos especificados no presente prego para participar neste proceso de licitación. Non obstante, o órgano de contratación poderá facer uso das súas facultades de comprobación das declaracións responsables requirindo ó efecto a presentación dos correspondentes xustificantes documentais nos termos do artigo 69 da Lei 39/2015. En todo caso, a presentación do DEUC conleva o compromiso de que, no caso de ser o licitador proposto para a adxudicación, se aportarán os documentos xustificativos ós que substitúe de conformidade coa cláusula 27 dos pregos.

2.- O formulario normalizado do DEUC atópase a disposición dos licitadores na seguinte dirección electrónica: <https://visor.registrodeltitulares.gob.es/espd-web/filter?lang=es>.

3.- As empresas que figuren inscritas nunha "lista oficial de operadores económicos autorizados" só deberán facilitar en cada parte do formulario aqueles datos e informacións que, no seu caso concreto, non estean inscritos nestas "listas oficiais". En España, as empresas non estarán obrigadas a facilitar aqueles datos que xa figuren inscritos de maneira actualizada no Rexistro de Licitadores que corresponda, xa sexa o Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou o equivalente a nivel autonómico co alcance previsto no artigo 341 LCSP, a condición de que as empresas inclúan no formulario normalizado do documento europeo único de contratación (DEUC) a información necesaria para que o órgano de contratación poida realizar o acceso correspondente (dirección da internet, todos os datos de identificación e, no seu caso, a necesaria declaración de consentimento), por aplicación do artigo 59.1, penúltimo parágrafo da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro, e en coherencia con iso, o establecido na parte VI do formulario. A estes efectos, poderase consultar a Resolución do 6 de abril de 2016, da Dirección Xeral do



Entidade Local Menor de Camposancos

Patrimonio do Estado, pola que se publica a Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a utilización do Documento Europeo Único de Contratación previsto na nova Directiva de contratación pública, ao obxecto de comprobar a información contida no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

Para o caso de que a empresa se atope inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou rexistro autonómico equivalente, a empresa licitadora deberá asegurarse de que datos se atopan inscritos e actualizados nos devanditos Rexistros e cales non están inscritos ou estándoo non están actualizados.

No que respecta a empresas non nacionais procedentes de Estado Membros da UE, tanto o órgano de contratación como as empresas interesadas teñen á súa disposición o depósito de certificados en liña e-Certis, no cal consta: unha lista completa e actualizada dos documentos e certificados que en cada Estado son susceptibles de ser utilizados polas empresas interesadas como medio de proba do cumprimento dos requisitos previos de acceso a unha licitación pública, así como unha lista dos Rexistros de licitadores ou doutro tipo e das bases de datos que expiden estes certificados e documentos.

En todo caso os requisitos que no documento se declaran deben cumprirse o último día do prazo de licitación, salvo as prohibicións de contratar que deben continuar polo menos ata a formalización do contrato.

No caso de que se prevea a división en lotes do obxecto do contrato e os requisitos de solvencia variasen dun lote a outro, aportarase un DEUC por cada lote .

4.- No caso de integración da solvencia con medios externos.

Cando se recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 LCSP, cada unha delas deberán presentar a declaración responsable debidamente cumprimentada (DEUC). Neste caso, deberase cumprimentar as seccións A e B da parte II, a parte III e a parte VI. Sempre que resulte pertinente no que respecta á capacidade ou capacidades específicas en que se base o operador económico, consignarase a información esixida nas partes IV e V por cada unha das entidades de que se trate.

5.- No caso de Unións Temporais de Empresarios.

En todos os supostos en que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, cada empresa participante achegará o formulario normalizado dfo DEUC.

Adicionalmente á declaración achegarase o compromiso de constituír a unión temporal por parte dos empresarios que sexan parte da mesma de conformidade co esixido no apartado 3 do artigo 69 LCSP, cunha duración que será coincidente, polo menos, coa do contrato ata a súa extinción.

No escrito de compromiso indícarase: os nomes e circunstancias dos que a constituán, a participación de cada un deles, así como a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que compoñen a unión.

Respecto á determinación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional da unión temporal e aos seus efectos, acumularanse as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma.

Para os efectos de valorar e apreciar a concorrencia do requisito de clasificación, respecto dos empresarios que concorran agrupados atenderase, na forma que regulamentariamente se determine, ás características acumuladas de cada un deles, expresadas nas súas respectivas clasificacións. En todo caso, será necesario para proceder a esta acumulación que todas as empresas obtivesen previamente a clasificación como empresa de obras, sen prexuízo do establecido para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea e de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo no apartado 4 do presente artigo.

O réxime de acumulación das clasificacións será o establecido de forma regulamentaria.

Para os casos en que sexa esixible a clasificación e concorran na unión empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea



Entidade Local Menor de Camposancos

nin dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, os que pertencen aos dous primeiros grupos deberán acreditar a súa clasificación, e estes últimos a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

No suposto de que o contrato se adjudicase a unha unión temporal de empresarios, esta acreditará a súa constitución en escritura pública, así como o NIF asignado á devandita unión, unha vez efectuada a adjudicación do contrato ao seu favor. En todo caso, a duración da unión será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA Ó GRUPO EMPRESARIAL

D./D^a.: _____
CON DNI Nº _____

- EN NOME PROPIO _____
- EN REPRESENTACIÓN DA EMPRESA _____

EN CALIDADE DE _____
Ó OBXECTO DE PARTICIPAR NA LICITACIÓN DO CONTRATO DENOMINADO:

CONVOCADO POLA ELM CAMPOSANCOS
DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- QUE DITA EMPRESA NON PERTENCE A NINGÚN GRUPO DE EMPRESAS
- QUE DITA EMPRESA PERTENCE Ó GRUPO DE EMPRESAS DENOMINADO

DO CAL SE XUNTA LISTADO DE EMPRESAS VINCULADAS DE CONFORMIDADE DO ARTIGO 42 DO CÓDIGO DE COMERCIO.

En _____, a _____ de _____ de 20____

(SELO DA EMPRESA E SINATURA AUTORIZADA)

ASINADO: _____

ANEXO V SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E TÉCNICA

1.- A solvencia económica e financeira e técnica

SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA (artigo 87 LCSP)

a)	Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ó que se refira o contrato, referente ó mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas.
	Criterios: Entenderase solvente se o volume anual de negocios referido ó mellor dos tres é superior nunha vez e media o valor do contrato



Entidade Local Menor de Camposancos

b)	Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais.
	Criterios: 2. Seguro de indemnización por riscos profesionais por importe superior a € 3. Riscos cubertos: Acreditarase mediante:
c)	Patrimonio neto, ou ben cociente entre activos e pasivos, ó peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación das contas anuais.
	Criterios: Patrimonio neto con valor mínimo por importe de € cociente mínimo de entre activos e pasivos. Acreditarase mediante:

SOLVENCIA TÉCNICA (artigo 89 LCSP)

*Para os contratos non suxeitos a regulamentación harmonizada, as empresas de nova creación acreditarán a súa solvencia técnica con outros medios previstos distintos dos establecidos na letra a).

a)	Obras executadas nos últimos cinco últimos anos, avaladas por certificados de boa execución.
	Criterios: considerarase solvente tecnicamente se no ano de maior volume de execución dos tres requiridos o licitador realizou subministros da mesma ou similar natureza por cantidade superior ó 70% do valor deste contrato.
b)	Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.
	Criterios:
c)	Titulacións académicas e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular do responsable das obras así como dos técnicos encargados directamente da mesma
	Criterios:
d)	Medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó executar o contrato, con indicación expresa das normas técnicas ou especificacións técnicas aplicables na execución e a verificación obxectiva da correcta aplicación de ditas medidas
	Criterios:
e)	Plantel medio anual da empresa e do número de directivos durante os últimos 3 anos
	Criterios:
f)	Maquinaria, material e equipo técnico do que disporá para a execución das obras
	Criterios:



ANEXO VI ADSCRICIÓN OBRIGATORIA DE MEDIOS Ó CONTRATO

Os licitadores, nacionais e estranxeiros, ademais de acreditaren á súa solvencia, deberán adscribir obrigatoriamente para a execución deste contrato, como criterio de solvencia, os seguintes medios:

Compromiso de adscripción de medios persoais:

Compromiso de adscripción de medios materiais:

Estes medios persoais e materiais formarán parte da proposta presentada polos licitadores e, polo tanto, do contrato que se firme co adxudicatario. Por este motivo, deberán ser mantidos pola empresa adxudicataria durante todo o tempo de execución do contrato. Calquera variación respecto a eles deberá ser comunicada a esta Administración. O seu incumprimento poderá ser causa de:

Resolución do contrato

Imposición de penalidades segundo o ANEXO XIV

ANEXO VII SUBCONTRATACIÓN / CESIÓN

Autorízase a subcontratación parcial das prestacións accesorias obxecto do contrato nos termos e coas condicións que establece o artigo 215 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. A subcontratación deberá realizarse cumprindo os requisitos básicos seguintes:

a) Comunicación previa e por escrito ao Concello do adxudicatario dos datos seguintes en relación con cada subcontrato que pretenda realizar:

-Identificación do subcontratista, cos seus datos de personalidade, capacidade e solvencia.

-Identificación das partes do contrato para realizar polo subcontratista.

-Importe das prestacións para subcontratar.

b) Non poderá subcontratarse con persoas ou empresas inhabilitadas para contratar coa Administración nin carentes da capacidade, solvencia e habilitación profesional precisa para executar as prestacións concretas que se subcontratan.

c) O contratista que subcontrate deberá comprobar con carácter previo ao comezo dos traballos que subcontrate, a afiliación e alta na Seguridade Social dos traballadores que vaian realizar os traballos en cuestión en cumprimento do establecido na Real Decreto-lei



Entidade Local Menor de Camposancos

5/2011, do 29 de abril, de medidas para a regularización e control do emprego mergullado e fomento da rehabilitación de vivendas.

d) O contratista deberá informar os representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

e) Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao Concello, con arranxo estrito aos pregos de cláusulas administrativas particulares e aos termos do contrato, sen que o coñecemento por parte do Concello da existencia de subcontratacións altere a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

f) O contratista deberá abonar aos subcontratistas o prezo pactado polas prestacións que realicen como mínimo nos prazos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para garantir tal cumprimento, con cada facturación ao Concello deberá o contratista achegar o xustificante do pago dos traballos realizados no mes anterior polas empresas ou autónomos que subcontratase no marco do presente contrato.

TAREFAS CRITICAS: non se establecen.

ANEXO VIII MODELO DE OFERTA ECONÓMICA (Xeral)

D^a/D _____ con DNI nº _____

con domicilio en _____

en nome de _____ con CIF nº _____

e con domicilio fiscal en _____

enterada das condición e requisitos que se exigen para a adxudicación do contrato de:
.....

DECLARA:

que ostenta a representación da entidade que presenta esta oferta, que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica, que conta coas autorizacións necesarias para exercer esta actividade e que non está incurso en prohibición da



Entidade Local Menor de Camposancos

contratar algunha

e COMPROMÉTESE:

- A tomar ó seu cargo a execución do mesmo, con estrita suxeición ós expresados requisitos e condición, pola cantidade de

Importe Base:

Importe IVA:

Importe Total:

- A aumentar o prazo de garantía en _____ anos, sendo o prazo total de garantía ofertado-----anos.

, a de de

Asdo:

ANEXO IX PREZOS UNITARIOS

**Descrición
licitación**

**Prezo unitario
máximo de
(IVA excluído)**

ANEXO X ADMISIBILIDADE DE VARIANTES (Especificar para cada lote, no seu caso)

ANEXO XI



CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUBXECTIVOS SUXEITOS Á AVALIACIÓN PREVIA

Non hai criterios de adxudicación subxectivos

ANEXO XII CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

CRITERIO DE ADXUDICACIÓN	PONDERACIÓN	FÓRMULA DE APLICACIÓN OU SISTEMA DE Puntuación AUTOMÁTICA
OFERTA ECONÓMICA	25 PUNTOS	*Desenvólvese a continuación
AMPLIACIÓN DA GARANTÍA	5 PUNTOS	*Desenvólvese a continuación
TOTAL	30 PUNTOS	

Para o cálculo da mellor oferta terase en conta o seguinte:

1º.- Oferta económica. Baixa no prezo de licitación: Valorarase ata un **máximo de 25 puntos** que se adxudicarán en función do prezo total de licitación, asignando os puntos mediante interpolación liñal recta na que corresponderían os 25 puntos á oferta que supuxese unha baixa do 20% do prezo de licitación, e 0 puntos a oferta base ou tipo de licitación. No caso de que algún licitador chegase a acadar unha baixa superior o 20%, sería a esta á que se lle asignase a máxima puntuación. E isto sen prexuízo do que corresponda de conformidade coa normativa en canto a baixas temerarias ou desproporcionadas.

A motivación do emprego de esta fórmula, é por un lado propiciar unha diferenza significativa na asignación de puntos entre distintas ofertas similares, pero coa premisa de que unha baixa irrelevante non poida chegar a obter toda a puntuación neste apartado.

A expresión alxebraica que se corresponde coa descrición da fórmula aplicable, é a seguinte:

Onde:

OFER= cantidade ofertada sen IVE

OFER´ = oferta mais baixa sen IVE

TIPO= tipo de licitación sen IVE

Se "OFER" (mais baixa) é igual ou maior que 80% de "TIPO":

$$\text{Puntuación} = 25 + [(\text{OFER} - 80\% \text{TIPO}) * ((0-25)/(\text{TIPO} - 80\% \text{TIPO}))]$$

Se "OFER" (mais baixa) é igual ou menor que 80% de "TIPO":

$$\text{Puntuación} = 25 + [(\text{OFER} - \text{OFER}') * ((0-25)/(\text{TIPO} - \text{OFER}'))]$$

2º.- Aumento do prazo mínimo de garantía fixado nos presentes pregos (1 ano), ata un máximo de 6 anos en total. Valorarase **ata un máximo de 5 puntos** sobre o total atendendo á seguinte criterio: se outorgará un punto por cada ano de garantía a maiores ofertado, ata un máximo de cinco puntos.



Entidade Local Menor de Camposancos

A efectos de valoración das ofertas terase en conta o importe total de puntos obtidos, adxudicándose ao licitador que obtivese unha maior puntuación

2. PARÁMETROS PARA DETERMINAR O CARÁCTER ANORMALMENTE BAIXO DA OFERTA NO SEU CONXUNTO.

Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias no seu conxunto as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ó orzamento/oferta/proposición base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta
3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas/proposicións presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de contía/valor máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais
4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederáse ó cálculo dunha nova media só cas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularáse sobre as tres ofertas de menor contía.

3. CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA RESOLVER OS EMPATES DA PUNTUACIÓN FINAL

No caso de que, despois da aplicación dos criterios de adxudicación, se produza un empate entre dúas ou máis ofertas, establécense os seguintes criterios de adxudicación específicos para o desempate:

1º.- Proposicións presentadas por aquelas empresas que, ao vencemento do prazo de presentación das ofertas, teñan no seu persoal unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao que lles impoña a normativa (2%). Se houbera máis dunha empresa neste suposto, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal. Esta circunstancia acreditarase mediante os contratos de traballo e os documentos de cotización á Seguridade Social do traballadores discapacitados.

2º.- O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non producira o desempate.

ANEXO XIII CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

Será condición especial de execución a seguinte:

- Obriga da empresa adxudicataria de lle aplicar ao persoal que executara o contrato as condicións de traballo establecidas polo último convenio colectivo sectorial e territorial vixente no que se encadra e desenvolve a prestación contractual, sen prexuízo de melloras sobre o disposto no mesmo (terá carácter



Entidade Local Menor de Camposancos

esencial para os efectos do apartado f) do artigo 211 da LCSP).

Acreditarase do seguinte xeito:

- O contratista remitiralle ó Concello, cando así o solicite, o convenio colectivo de aplicación ao seu persoal e a documentación que acredite o pagamento e o cumprimento da normativa sinalada

O incumprimento das mesmas terán a consideración de :

Infracción grave ós efectos de imposición de penalidades.

ANEXO XIV PENALIDADES

RÉXIME POTESTATIVO DE PENALIDADES

Penalidades por incumprimento de prazos

Penalidades: as establecidas con carácter xeral no artigo 193 da LCSP

Cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato

Penalidades: por cumprimento defectuoso do obxecto do contrato aplicarase unha penalización do 10% do valor do contrato excluído o IVE

Incumprimento dos compromisos de adscrición de medios

Penalidades:

Incumprimento das condicións especiais de execución do contrato

Penalidades: por incumprimento das condicións especiais de execución aplicarase unha penalización do 10% do valor do contrato excluído o IVE

Incumprimento das características da oferta vinculadas ós criterios de adxudicación

Penalidades:
(Outras)

ANEXO XV OBRIGAS ESENCIAIS DO CONTRATO

Considéranse obrigas esenciais do contrato:

Compromisos de adscrición de medios (artigo 76.2 LCSP)

Condicións especiais de execución do contrato (artigo 202 LCSP)



Criterios de adxudicación das ofertas (artigo 122,3 LCSP)

Cumprimento do réxime de pagos ós subcontratistas ou subministradores establecidos (artigo 217,1 LCSP)

(Outras)

ANEXO XVI MODIFICACIÓNS CONTRACTUAIS PREVISTAS

CIRCUNSTANCIAS (supostos de feito obxectivo que debe darse para que se produza a modificación):

ALCANCE DAS MODIFICACIÓNS PREVISTAS (elementos do contrato ós que afectará):

CONDICIÓNS DA MODIFICACIÓN (regras de tramitación que se seguirán para determinar os novos prezos, procedemento de fixación de novos prazos...):

PORCENTAXE DO PREZO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO Ó QUE COMO MÁXIMO Poidan afectar:

ANEXO XVII CAUSAS ESPECÍFICAS DE RESOLUCIÓN CONTRACTUAL

Son causas de resolución do contrato as xerais recollidas no artigo 211 da LCSP e as específicas recollidas no artigo 245 da mesma lei.

ANEXO XVIII RENUNCIA/DESESTIMENTO Á CELEBRACIÓN DO CONTRATO

No caso de que de conformidade co disposto no artigo 152 LSCP, o órgano de contratación renunciara por motivos de interese público á celebración do contrato ou desistira do procedemento, con anterioridade á adxudicación, a compensación de gastos ós licitadores realizarase do xeito subsidiario establecido neste artigo, é dicir, de acordo cos criterios de valoración empregados para o cálculo da responsabilidade patrimonial da administración.

ANEXO XIX COMPOSICIÓN DA MESA CONTRATACIÓN

a) Presidenta: dona M^ª Mercedes Martínez Vazquez, Presidenta da ELM Camposancos.

b) Vogais:

- Dona Julia María Carrasco González-Alegre, secretaria do Concello da Guarda, ou quen legalmente a substitúa.

- Don José Carlos Martínez Crespo, Secretario Interventor da ELM Camposancos, ou quen legalmente a substitúa.



Entidade Local Menor de Camposancos

c) Secretario: don Cándido Fernandez Núñez, pesoal laboral da ELM Camposancos.

